



AXUDAS NOMINATIVAS 2020

EXTRACTO DO CAPÍTULO VI DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O ANO 2020

CAPÍTULO VI.- NORMAS ESPECÍFICAS PARA OS GASTOS DE TRANSFERENCIAS CORRENTES E DE CAPITAL

Base 33ª.- Subvencións nominativas.

1.-Co fin de facerlle fronte aos compromisos asumidos por este concello en virtude de convenios interadministrativos e convenios con entidades privadas sen fin de lucro, con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo 4º do estado de gastos outorgaranse directamente as subvencións ou achegas acordadas, nos prazos establecidos nas cláusulas de cada convenio e tendo en conta os importes que figuran nos mesmos.

Se recollen as seguintes subvencións nominativas con cargo ao orzamento do exercicio 2020:

- Festas parroquiais. Comisións organizadoras. Nove parroquias, máximo 600 euros cada unha.
- Festa San Cristovo, Comisión organizadora. Máximo 3.000 euros.
- Feira do Trece, Asociación de Veciños San Sebastián de O Carballido, 3.500,00 euros.
- CEIP Castrodouro- Proxecto educativo “Recursos Educativos Tecnolóxicos”: 1.400 euros.
- Asociación Nais e Pais CEIP Castrodouro- Adquisición libros e material escolar (infantil): 700,00 euros.
- Club Deportivo Alfoz, Tempada equipo de fútbol: 7.000 euros.
- Club Deportivo Rio Ouro, participación en liga fútbol campo e fútbol sala categorías 3 a 16 anos: 2.500,00 euros.
- Protectora de Animais Valadouro- Alfoz, Fomento da Saúde Animal: 3.000 euros.

A regulación da súa concesión e xustificación adaptarase, por unha banda, ao Plan Estratéxico de subvencións en vigor e ao establecido na ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Alfoz vixente en cada momento.

Bases de execución do orzamento 2020, aprobadas polo Concello Pleno na súa sesión de data 22 de maio de 2020, e na modificación da Base 33 de execución do orzamento para 2020 na súa sesión de data 25 de setembro de 2020.